



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O HOGAR GALLEGO PARA ANCIANOS DE BOS AIRES, ARXENTINA, PARA CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DOS CIDADÁNS GALEGOS RESIDENTES EN BOS AIRES.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar co Hogar Gallego para Ancianos de Bos Aires (Arxentina) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración par a concesión da axuda ao Hogar gallego para Ancianos de Bos Aires, Arxentina, co fin de contribuír á atención das necesidades socio asistenciais básicas dos cidadáns galegos residentes no Hogar que, por razón de idade e/ou circunstancias socio familiares, residan en dito centro

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

En Bos Aires (Arxentina) reside unha ampla colonia de persoas galegas anciáns que por razóns de carácter social, carencia de medios de subsistencia ou de falta de familiares que lles dean acollida está a sufrir unha situación de desamparo debido á falla real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e asistencial.

O Hogar Gallego para Ancianos, constitúese como unha entidade benéfica fundada en 1943, co fin de proporcionar albergue digno a persoas que pola súa idade ou condicións





fisiolóxicas non poden facerlle fronte á vida, esta rexistrada como comunidade galega no Rexistro da Galeguidade, e agrupa actualmente a cerca de cincocentos socios, dos que máis de catrocentos son emigrantes galegos e descendentes.

Conta cunha residencia de anciáns, sita en Domselar, que ten unha capacidade para cen residentes, na que actualmente máis da metade son persoas emigrantes ou descendentes de de emigrantes procedentes de Galicia, brindándolle vivenda permanente e asistencia integral que inclúe a estancia, a alimentación, o control da saúde e a asistencia social. A día de hoxe, esta institución está a desenvolver unha destacada e insubstituíbel labor socio asistencial coa que trata de facer efectiva a mellora da calidade de vida dos anciáns pertencentes á colectividade galega emigrante.

Para o financiamento das actuacións previstas, a Secretaría Xeral da Emigración achegará trinta mil euros (30.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na pretensión de dar apoio aos emigrantes galegos, residentes en Arxentina, que por cuestións de idade e/ou circunstancias socio familiares, presentan problemas asociados e derivados desta circunstancia persoal.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a cinco de abril de 2018.

